



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NO COMERCIO

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS SENSIBLES

Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.



FEBRE

Non ir traballar con febre (>37°) ou **síntomas respiratorios** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



INFORMACIÓN

Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e protección adoptadas.



DESPLAZAMENTO

Os desprazamentos faranse **mellor de forma individual**, se non, só unha persoa por fila. No transporte **colectivo precísase o uso de máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



NO COMERCIO

Manter 2 metros de distancia entre clientes, produtos e persoal.



MEDIDAS DE BARREIRA

Nas zonas de atención ao público, como mostradores e caixas de cobro, adoptar medidas de barreira (pantallas ou similares) de fácil limpeza e desinfección.



CONTROL DO AFORO

Controlar o aforo no comercio en función das súas dimensións: con **cita previa**, organizando **a entrada da clientela por quendas**. Indicar **horario** de atención **preferente para os maiores de 65 anos**.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas. O uso de **luvas non debe substituír a hixiene** das mans.



MATERIAL DE LIMPEZA

Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Facilitar á clientela nos accesos solucións hidroalcohólicas e luvas desbotables. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LIMPEZA DE ESPAZOS

Limpar e desinfectar **frecuentemente** o local e as superficies que se tocan máis (mostradores, pomos de portas, ordenador, TPV, probadores, aseos, etc.). Limpar a área de traballo nos cambios de persoal e ao finalizar a xornada.



VENTILACIÓN

Ventilar con **máis frecuencia** e reforzar o **mantemento** dos sistemas de ventilación ou climatización.



MÁSCARAS

O uso de **máscara hixiénica ou cirúrxica** é recomendable durante a estancia no comercio.



HIXIENE DO PRODUTO

Protexer o produto **para evitar a súa contaminación** pola exposición e manipulación mediante medidas de barreira (**poñer fundas, pantallas, vitrinas**, etc.).



MATERIAL DE TRABALLO


Evitar compartir material como ordenadores, lectores de código, etiquetadoras e outros, sen limpalos previamente.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SINALIZAR

Sinalizar **no chan** as distancias a respectar e definir camiños para desprazarse con seguridade.



ESPAZOS REDUCIDOS

Nos comercios con **probadores**, valorar a necesidade da súa apertura e se non facelo de forma parcial, reforzando a **limpeza e desinfección** despois de usalos.



PAUTAS DE ACTUACIÓN

Establecer pautas de actuación ante unha **persoa traballadora con síntomas** no seu posto de traballo, para protexela a ela e ao resto do persoal.



PAGO ELECTRÓNICO

Fomentar o pago por medios electrónicos (tarxeta, móvil) e o **comercio online** con servizo de entrega a domicilio. Se non é posible, habilitar servizos de recollida no comercio.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal